

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de novembro de 2020
Duración	Desde as 21:08 ata as 0:10 horas
Lugar	Participación a distancia
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

ASISTENTES (16):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a María del Mar Núñez Chaves, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Sonia Agra Piñeiro e D. Juan Ramiro Gómez Blanco.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Non asiste: D^a Nerea Pintos Castro

A sesión celébrase mediante videoconferencia e a distancia de acordo co disposto no artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril e a Resolución da Alcaldía do 21.04.2020.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, a Sra. Alcaldesa abre a sesión, solidarizándose en relación co día do 25 de Novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller, e facendo un repaso a todos os crimes de mulleres acometidos no que va do ano 2020.

Con posterioridade, procédese á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Expediente 4385/2020. Toma de coñecemento da renuncia de D^a Nerea Pintos Castro ao cargo de Concelleira

O Sr. Secretario, de acordo co artigo 9 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro da lectura ao escrito de renuncia de D^a Nerea Pintos Castro (R.E.: 2020-E-RE-1811, de 20.10.2020) que literalmente di:

“D^a NEREA PINTOS CASTRO, maior de idade, provista de D.N.I. 35.479.785-P, vecina de Cambados, con domicilio en Rúa O Grove, núm. 10, C.P. -36.634, Corvillon, comparece y como mejor proceda en Derecho DICE:

Que por mor de su actividad laboral le resulta totalmente imposible atender las obligaciones que exige el cargo de concejal del Ayuntamiento de Cambados y por medio de la presente viene a expresar su renuncia al mismo.

Para que así conste a los efectos legales oportunos.”

El Pleno toma coñecemento do escrito anterior.

2.- Aprobación das actas das sesión celebradas os días 24/09/2020, 08/10/2020 e 08/10/2020 (Exptes. PLN/2020/10; PLN/2020/11; PLN/2020/12)

Dáse conta das actas das sesións celebradas os días 24/09/2020 (ordinaria) e 08/10/2020 (extraordinarias), advertíndose da existencia dunha omisión involuntaria no documento asinado electrónicamente, correspondente á acta do 24/09/2020 (PLN/2020/10), ao non quedar reflectidos integramente os cadros incluídos no punto 4.- “Expediente 3875/2020. Modificación de Ordenanzas Fiscais para o ano 2021: ABASTECIMIENTO”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle aprobación ás referidas actas, debendo asinarse novamente a acta correspondente ao 24/09/2020, coa indicada matización.

3.- Expediente 4366/2020. Modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo, por catro votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados PODE) e tres abstencións (PP), no que se recolle o seguinte:

“Visto o interese deste Concello en fomentar as obras situadas no seu Conxunto Histórico Artístico, declarado Ben de Interese Cultural por Decreto 288/2001, do 8 de novembro (DOG Nº. 222 de 16 de novembro de 2001).

Visto o artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba



o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que establece que as ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto:

“a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”

Á vista do exposto, esta Concellería, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, PROPÓN ó Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7.1 da ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Cambados, que quedará redactado como segue:

“Artigo 7.- Bonificacións.

1. Bonificación no ICIO a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal

1. En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Considerarase que concorren estas circunstancias no caso de actuacións no ámbito territorial da Area de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico de Cambados. Nestes supostos a bonificación a aplicar será do 50 % nas edificacións que contén con Protección Integral ou Estructural no Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico de Cambados. Ademais, naquelas edificacións que se acollan a un Programa de Rexeneración e Renovación Urbana, independentemente da súa protección, aplicarase a bonificación do 75%.

2. As bonificacións ás que se fan referencia no apartado anterior deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso no suposto establecido, presentando a documentación demostrativa do mesmo.”

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados, no Boletín Oficial da Provincia así como nun diario dos de maior difusión da provincia, polo prazo de trinta días, a efectos de que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase a definitivo.”



O Sr. Charlín Trigo dá lectura á seguinte intervención:

“Visto o interese deste Concello en fomentar as obras situadas no seu Conxunto Histórico Artístico, declarado Ben de Interese Cultural por Decreto 288/2001, do 8 de novembro (DOG Nº 222 de 16 de novembro de 2001).

Visto o artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que establece que as ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto:

“a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”

Ó abeiro da bonificación descrita, é vontade desta Concellería contemplar unha nova bonificación no artigo 7.1 da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que quedará redactado nos seguintes termos:

“1. Bonificación no ICIO a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal”.

1. En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Considerarase que concorren estas circunstancias no caso de actuacións no ámbito territorial da Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico de Cambados. Nestes supostos a bonificación a aplicar será do 50 % nas edificacións que contén con Protección Integral ou Estructural no Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico de Cambados. Ademais, naquelas edificacións que se acollan a un Programa de Rexeneración e Renovación Urbana, independentemente da súa protección, aplicarase a bonificación do 75%.

2. As bonificacións ás que se fan referencia no apartado anterior deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso no suposto establecido, presentando a documentación demostrativa do mesmo”

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) solidarízase co Día internacional contra a violencia de xénero.

Di que votarán a favor da proposta ao atoparse a favor das medidas de rexeneración urbana do conxunto histórico artístico.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) explica que votarán a favor por ser unha medida que beneficia a particulares e a Administración por conxuntos iguais.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que votarán a favor da proposta.

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7.1 da ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Cambados, que quedará redactado como segue:



"Artigo 7.- Bonificacións.

1. Bonificación no ICIO a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal

1. En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Considerarase que concorren estas circunstancias no caso de actuacións no ámbito territorial da Area de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico de Cambados. Nestes supostos a bonificación a aplicar será do 50 % nas edificacións que contén con Protección Integral ou Estructural no Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico de Cambados. Ademais, naquelas edificacións que se acollan a un Programa de Rexeneración e Renovación Urbana, independentemente da súa protección, aplicarase a bonificación do 75%.

2. As bonificacións ás que se fan referencia no apartado anterior deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso no suposto establecido, presentando a documentación demostrativa do mesmo."

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa".

SEGUNDO.- Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados, no Boletín Oficial da Provincia así como nun diario dos de maior difusión da provincia, polo prazo de trinta días, a efectos de que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase a definitivo.

4. Expediente 4820/2020. Modificación de crédito Nº 2020/MOD/037 Suplemento de crédito

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por catro votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode) e tres abstencións (PP), no que se recolle o seguinte:

"Vista a Memoria-Proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos nº 2020/MOD/037 baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais, sendo este crédito inmediatamente executivo tal e como dispón o artigo 177.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).



Visto o Informe favorable de Intervención de data 18/11/2020.

Esta Alcaldía, conforme co previsto nas Bases de Execución do Orzamento e co disposto no art. 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nos arts. 35 e seguintes do RD 500/1990, do 20 de abril, realizada a tramitación legalmente establecida, propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 2020/MOD/037 baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 86.134,65 €, sendo este crédito inmediatamente executivo, tal e como dispón o art. 177.6 TRLRFL, por constituír o gasto ao que se destina unha medida urxente de resposta as excepciónais circunstancias económicas e sociais que está a provocar a crise sanitaria do COVID-19.

A partida orzamentaria e crédito a que afecta o expediente son as seguintes:

Aumento de Gastos						
Modificación	Org.	Prog.	Eco.	Vinc.	Denominación	Importe
Suplemento de Crédito		2310	22700	2.2	SERVIZO AXUDA NO FOGAR	86.134,65
Total Aumento						86.134,65
Aumento de Ingresos						
Modificación	Org.	Eco.	Denominación		Importe	
Aumento Iniciales	Previsiones	87000	Para gastos generales		86.134,65	
Total Aumento						86.134,65

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de anuncios, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións, sen necesidade do segundo acordo plenario.

CUARTO. Publicar, unha vez aprobada definitivamente a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no taboleiro municipal de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia."

O Sr. Charlín Trigo dá lectura á seguinte intervención

"Visto que o crédito consignado na aplicación orzamentaria 2310.22700, destinada ao "Servizo de axuda no fogar", é insuficiente para poder facer fronte ao incremento do gasto neste servizo directamente relacionado coa situación de crise económica e sanitaria actual, sendo gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e non existindo tampouco crédito suficiente a nivel de bolsa de vinculación xurídica.

Considerando que, de acordo cos Informes emitidos dende o departamento de servizos sociais, o servizo de axuda no fogar viu incrementada a súa demanda, xa que estamos ante un estado de emerxencia social, producido por un feito non previsto, debido á propagación da infección do COVID 19, que afecta e compromete as capacidades persoais, os recursos e medios de subsistencia así como as relacións ou redes sociais e familiares. As persoas afectadas por esta crise atópanse nunha situación de desprotección grave, por iso precisan unha intervención inmediata e ineludible, para evitar que esta situación agrávese e/ou xere maior prexuízo á poboación.



Proponse a executividade inmediata da modificación orzamentaria, séndolle de aplicación o previsto no artigo 177.6 do TRLRFL:

“Os acordos das entidades locais que teñan por obxecto a habilitación ou suplemento de créditos en casos de calamidades públicas ou de natureza análoga de excepcional interese xeral, serán inmediatamente executivos, sen prexuízo das reclamacións que contra eles promovésense, as cales deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro de devandito prazo.”

O expediente de modificación responde á mesma finalidade e a varias das diferentes razóns que figuran na exposición de motivos do RDL 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. De onde se conclúe que o gasto proposto é consecuencia dunha “calamidade pública ou de natureza análoga de excepcional interese xeral” á que se refire o artigo 177.6 do TRLRHL, polo que cabería aplicarse a excepción prevista no mesmo.

A modificación proposta financiarase con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais posto de manifesto coa Liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2019 e que ascende a 86.134,65 €.

Considerando que se cumpre coas condicións establecidas tanto polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), como polo Real Decreto 500/1990, e a regulación da tramitación dos expedientes de modificación de créditos recollida nas Bases de Execución do Orzamento para o corrente exercicio, esta Alcaldía considera necesaria a aprobación do seguinte expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais, sendo este crédito inmediatamente executivo tal e como dispón o artigo 177.6 do TRLRFL:”

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que todo o que sexa apoiar ás familias mais vulnerábeis e afectadas pola pandemia da Covid-19 atopará o apoio do seu grupo.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que votarán a favor ao dirixirse, ademáis, eses fondos a unha finalidade coa que se atopan a favor.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) adianta o voto a favor e manifesta a necesidade de que se amplíe a partida de servizos sociais no orzamento do ano 2021 pola situación que estamos pacendo.

O Sr. Charín Trigo (Somos Cambados) di agradecer o voto a favor do resto dos grupos municipais.

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 2020/MOD/037 baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 86.134,65 €, sendo este



crédito inmediatamente executivo, tal e como dispón o art. 177.6 TRLRFL, por constituír o gasto ao que se destina unha medida urxente de resposta as excepciónais circunstancias económicas e sociais que está a provocar a crise sanitaria do COVID-19.

A partida orzamentaria e crédito a que afecta o expediente son as seguintes:

Aumento de Gastos						
Modificación	Org.	Prog.	Eco.	Vinc.	Denominación	Importe
Suplemento de Crédito		2310	22700	2.2	SERVIZO AXUDA NO FOGAR	86.134,65
Total Aumento						86.134,65
Aumento de Ingresos						
Modificación	Org.	Eco.	Denominación		Importe	
Aumento Previsiones Iniciales		87000	Para gastos generales		86.134,65	
Total Aumento						86.134,65

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de anuncios, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións, sen necesidade do segundo acordo plenario.

CUARTO.- Publicar, unha vez aprobada definitivamente a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no taboleiro municipal de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.”

5.- Expediente 4597/2020. Modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade por tres votos a favor dos grupos PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e tres abstencións dos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode, no que se recolle o seguinte:

“É vontade desta concellaría a limitación de velocidade no centro urbano de Cambados rebaixándoo dos 50 km/h aos 30 km/h, posibilidade á que habilita o artigo 50 parágrafo segundo do Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

De igual maneira preténdese dispoñer de certa flexibilidade para poder modificar os horarios das zonas de carga e descarga no centro urbano de Cambados. Estas modificacións poderán realizarse en espazos concretos do noso municipio ou de maneira xeral durante determinados períodos temporais ao longo do ano.

Cuestións como a protección do patrimonio histórico artístico do noso Concello ou a realización de eventos culturais, deportivos, gastronómicos, etc. xustificarán as modificacións dos horarios das zonas de carga e descarga arriba sinaladas.

A citada proposta atópase debidamente motivada tal e como consta nos antecedentes do expediente en trámite.



De acordo co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 01 de outubro estableceuse un prazo de consulta pública de dez días no portal de transparencia da web do Concello sen que se presentasen alegacións a este respecto.

Visto o artigo 49 da Lei 7/1985 do 2 de abril que determina o procedemento de aprobación das disposicións normativas locais e polo que se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Aprobar inicialmente as modificacións da Ordenanza Municipal de Tráfico que se detallan quedando redactados os seus artigos 5º e 25º do seguinte modo:

“Artigo 5º

Corresponde a Alcaldía, a través de Bandos, clasifica-las vías e fixa-lo sentido e dirección da circulación atendendo á capacidade das vías, a intensidade do tráfico; á máis correcta ordenación do mesmo; á distribución do estacionamento, ou á conveniencia de reservar zonas para uso exclusivo de determinados usuarios.

O límite máximo de velocidade ao que poderán circular os vehículos nas vías urbanas definidas no artigo 6º da presente Ordenanza fíxase en 30 km/h, sen prexuízo das maiores limitacións que se establezan por parte do Regulamento Xeral de Circulación.

Artigo 25º

Artigo 25º.1. As reservas de carga e descarga de carácter xeral estarán sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixará con carácter xeral de 9.00 a 12.00 horas e de 16.00 a 18.00 horas de luns a sábado.

2. Atendendo a circunstancias de situación, proximidade de outras zonas reservadas ou frecuencia do uso, poderán establecerse variantes ó mencionado réxime xeral de horario.

3. Tanto o emprazamento das reservas de carga e descarga de carácter xeral coma os seus horarios serán determinados a través de Bandos da Alcaldía.”

2. Someter o expediente a información pública e audiencia por un período de trinta días hábiles contados desde o seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que a proposta pretende adaptar a nosa Ordenanza a unha medida que pretende reducir os accidentes de tráfico e a contaminación.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) fai un repaso ás medidas adoptadas no curso da lexislatura anterior destacando a peonalización da Praza de Fefiñáns.

Considera que a proposta se atopa en sintonía coas directrices nacionais e amósase de acordo coas medidas de flexibilización propostas para a carga e descarga.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) considera unha proposta beneficiosa para Cambados e en sintonía coa prevalencia da calidade de vida dos peóns con respecto ao tráfico e coa medidas que se están a adoptar noutras vilas.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) manifesta que a concelleira Mª del Mar Núñez Chaves está tentando conectarse á sesión pero que polo momento non foi capaz.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) sinala que o informático está intentando resolver esta cuestión.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da conta das medidas adoptadas en relación a esta cuestión poñendo por exemplo ás limitacións adoptadas na Praza de Fefiñáns.

Considera que se trata dunha práctica que se está a estender por outros municipios



e que a xente se atopa sensibilizada en relación a esta cuestión.

Pregunta pola posibilidade de poñerse en contacto coa concelleira para coñecer o sentido do seu voto.

O Sr. Secretario di que, tendo en conta que queda acreditado que a Sra. Concelleira ten a intención de participar no Pleno sen conseguilo por unha imposibilidade técnica, existiría a posibilidade de contactar con ela para coñecer o sentido do seu voto.

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente as modificacións da Ordenanza Municipal de Tráfico que se detallan quedando redactados os seus artigos 5º e 25º do seguinte modo:

“Artigo 5º

Corresponde a Alcaldía, a través de Bandos, clasifica-las vías e fixa-lo sentido e dirección da circulación atendendo á capacidade das vías, a intensidade do tráfico; á máis correcta ordenación do mesmo; á distribución do estacionamento, ou á conveniencia de reservar zonas para uso exclusivo de determinados usuarios.

O límite máximo de velocidade ao que poderán circular os vehículos nas vías urbanas definidas no artigo 6º da presente Ordenanza fíxase en 30 km/h, sen prexuízo das maiores limitacións que se establezan por parte do Regulamento Xeral de Circulación.

Artigo 25º

Artigo 25º.1. As reservas de carga e descarga de carácter xeral estarán sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixará con carácter xeral de 9.00 a 12.00 horas e de 16.00 a 18.00 horas de luns a sábado.

2. Atendendo a circunstancias de situación, proximidade de outras zonas reservadas ou frecuencia do uso, poderán establecerse variantes ó mencionado réxime xeral de horario.

3. Tanto o emprazamento das reservas de carga e descarga de carácter xeral coma os seus horarios serán determinados a través de Bandos da Alcaldía.”

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública e audiencia por un período de trinta días hábiles contados desde o seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

6.- Expediente 2813/2019. Acordo de establecemento dedicacións parciais da Corporación

O Sr. Secretario da conta do ditame, desfavorable, da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por dous votos a favor dosconcelleiros de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e cinco en contra dosconcelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e grupo mixtoCambados Pode do seguinte tenor literal

“Mediante acordo do Pleno de 24.07.2019 acordouse aprobar unha dedicación exclusiva para



a Alcaldía do Concello de Cambados cunha retribución bruta anual de 40.000 euros.

É vontade desta Alcaldía e do grupo de goberno prestar un decidido servizo á cidadanía, contribuíndo activamente a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños do Concello de Cambados; con tal motivo, e coidando que a complexidade e volume de asuntos polas Corporacións Locais fai imprescindible manter unha especial dedicación por parte dos cargos electos, nuns casos plena e constante, e noutros, aínda sen dedicación exclusiva, sí cunha especial intensidade que os obriga a compaxinar a súa actividade laboral co desenvolvemento do seu cargo.

Isto implica a necesidade de establecer os cargos para os que o exercicio do posto requira dedicación exclusiva e os que precisan de ser desenvolvidos, canto menos, cunha dedicación parcial, así como as características e retribucións de ambos supostos.

Neste caso, a regulación, características e retribucións dos mesmos irán acompañados da determinación do seu réxime de dedicación mínima.

Visto o disposto polo artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto o disposto polo artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto que segundo o disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril que determina que as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan e deberán publicarse íntegramente no "Boletín Oficial da Provincia" e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e réxime de dedicación parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial destes últimos e polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Establecer catro dedicacións parciais entre os concelleiros/as que ostenten delegacións outorgadas pola alcaldía.

2. Fixar, en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á dedicación proposta (equivalente a 20 horas semanais) unhas retribucións brutas anuais de 21.200 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengaranse nos meses de xuño e decembro.

3. O nomeamento dos concelleiros/as delegados/as que desempeñen os cargos en réxime de dedicación parcial será realizado pola Alcaldía de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

En todo caso, os designados/as deberán aceptar o exercicio do cargo, no prazo de tres días hábiles, entendéndose aceptado o cargo se transcorrera o mencionado prazo sen



comunicación expresa de renuncia.

4. Que se proceda á publicación do acordo adoptado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboeiro de Anuncios da Corporación."

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que a finalidade do goberno municipal é a de servir aos veciños e veciñas de Cambados conciliando as súas obrigas laboráis coa adicación ao Concello nunha situación, ademáis, que se ve agravada polas consecuencias da crise sanitaria do Covid-19.

A continuación da lectura á proposta presentada na que se especifican as cantidades a percibir por cada unha das dedicacións.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) da conta de que se trata da quinta vez que ven este asunto ao Pleno. Fai un repaso as consecuencias económicas da pandemia da Covid-19 para a cidadanía.

A continuación interpela ao Sr. Aragunde Aragunde en relación a se recibiu unha oferta dunha dedicación por parte do goberno municipal e de se ten constancia expresa ou gravación que probe esa oferta.

A Sra. Alcaldesa matiza que unha gravación sería un método ilegal de obtención desa información. Fai alusión á problemática existente en relación á substitución da Sra. Alcaldesa ao carecer de concelleiros cun réxime de dedicación aprobado. Sinala que este punto continuará tratándose nas sesións plenarias que vaian sendo convocadas ao efecto.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) adianta o voto en contra do seu grupo municipal.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que desde o goberno se dera traslado da posibilidade de dispoñer dunha dedicación para o Partido Popular nos orzamentos municipais e que non dispón de proba que o acredite, tan só a dunha compañeira que lle acompañou nesa reunión.

Adianta o voto en contra do seu grupo neste punto da orde do día.

O Sr. Secretario intervén para transmitir a vontade da Concelleira de D^a M^a del Mar Núñez Chaves, manifestada de forma telefónica ante a imposibilidade de incorporarse á videoconferencia, de votar en contra da proposta presentada.

Comunica, igualmente, a súa intención de non participar nas votacións do resto do Pleno no caso de non poder incorporarse á videoconferencia.

Sometido a votación o Pleno por sete votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados) e nove en contra (PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode) acorda rexeitar o ditame anterior.

7.- Expediente 1412/2019. Proposta de aprobación do Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (Paces)



A Sra. Alcaldesa, en virtude do artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a ratificación a urxencia da inclusión do punto na orde do día ao non haberse incluído na orde do día das Comisións e ser preciso a súa aprobación como data límite o 30.11.2020 de acordo coa Orde reguladora da subvención.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda ratificar a inclusión por urxencia do referido asunto e na súa consecuencia proceden a tratalo a continuación.

Dáse conta da Proposta da Concellería Delegada de Medio Ambiente, na que se recolle o seguinte:

“Visto que o Concello de Cambados foi beneficiario dunha axuda con cargo á Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais firmantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sostible, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Visto que atendendo ás esixencias da citada Orde do Concello de Cambados veu de elaborar un Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible.

Visto que o citado documento debe ser aprobado polo Pleno e rexistrado telemáticamente no sitio web da Oficina do Pacto da Unión Europea atendendo ao artigo 3.2 da Orde. ...”

Á vista dos antecedentes anteriores e polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte, acordo”

A Sra. Alcaldesa explica as liñas de actuación do Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (Paces) para adoptar medidas de redución de gases e efecto invernadeiro. Di que se plantea a redución das emisións nun 40 % nun prazo de dez anos.

Da conta da adhesión ao Pacto das Alcaldías polo clima e das reunións mantidas en relación ao particular.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) presenta disculpas por non haber podido participar na reunión que cita a alcaldía por mor de problemas persoais.

Da conta das actuacións levadas a cabo en relación a este particular no curso da lexislatura anterior.

Pide algunha actualización do documento:

- (páxina 74), en relación á renovación da flota municipal.
- (páxina 78), reordenacións de tráfico da lexislatura anterior.

Agradece ao goberno municipal que se recollera a iniciativa de instalación de paneis fotovoltaicos en instalacións municipais.

O Pleno da Corporación, por unanimidade,

ACORDA:



PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible.

SEGUNDO.- Ordenar o seu rexistro telemático no sitio web da Oficina do Pacto da Unión Europea.

8.- Expediente 2836/2020. Proposta de goberno instando á Consellería de Educación da Xunta a que os colexios de Cambados poidan ter un ensino de calidade e seguro para o curso 2020/2021.-

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido en sentido favorable pola Comisión Informativa de Ensino, Patrimonio, Cultura, Deporte e Normalización Lingüística por tres votos a favor dos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG, e catro abstencións dos grupos municipais do PP e grupo mixto Cambados Pode:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas as Direccións e as ANPAS dos colexios Antonio Magariños e da Pastora veñen denunciando a supresión de l íñas nos seus respectivos centros escolares para o vindeiro curso 2020/2021. Esta diminución do número de aulas vai supoñer un incremento da ratio de nenas e nenos nas mesmas, con respecto ao curso pasado. Un feito incomprendible e inaceptable cando estamos a padecer a maior pandemia que se lembra no noso país, cunha duración e consecuencias aínda descoñecidas.

A existencia da pandemia da COVID-19 debe propiciar un aumento da seguridade nos colexios, con novas medidas de hixiene, protección e de mantemento de certa distancia entre o alumnado e tamén entre o profesorado.

Pero a Consellería de Educación da Xunta de Galicia parece estar ao marxe desta dramática realidade que estamos a vivir. E, a diferenza doutras Comunidades Autónomas nas que si se vai reducir o número de alumnas/os por aula, semella decidida a incrementalo ata 24, como sucedería no primeiro curso de Educación Primaria no Colexio Antonio Magariños, ao reducir de dúas aulas a unha. No caso do Colexio de Educación Infantil da Pastora, a redución sería de 6 unidades a 4 ou 5 en función do número de matriculados, co conseguinte aumento de nenas/os por aula. O cal supón unha irresponsabilidade intolerable que pon en risco a saúde das nenas e nenos e das súas familias.

Por outra banda, os colexios recibiron un protocolo da Xunta de Galicia de cara ao vindeiro curso escolar, marcado pola pesistencia da pandemia da COVID-19. Nese protocolo establécense unha serie de medidas de limpeza que implica triplicar os gastos para dito fin, sen que a Xunta se compromete a asumir os mesmos. Ademais, os colexios botan en falta instrucións máis concretas, nas que se especifique, entre outras cousas o número máximo de alumnado en cada aula. Unha información que tamén debería estar xa a disposición das familias para tranquilizalas, de maneira que poidan levar aos seus fillos e fillas aos colexios con garantías de seguridade.

Por todo o anteriormente exposto, preséntase o seguinte ACORDO para que a Corporación Municipal inste á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a:

- 1. Garantir nos colexios de Cambados un número de alumnas e alumnos por aula para o curso escolar 2020/2021 inferior ao do curso pasado e en ningún caso superior a 15.*
- 2. Proporcionar toda a información necesaria aos colexios e ás familias para afrontar o vindeiro curso escolar con plenas garantías de seguridade.*
- 3. Facilitarlle aos colexios todos os medios precisos para que as nenas e os nenos de Cambados poidan recibir un ensino seguro e de calidade.*
- 4. Asumir os gastos derivados das novas medidas de seguridade e limpeza nos colexios*



ocasionados pola existencia da pandemia da COVID-19.

5. Dar traslado deste ACORDO á Consellería de Educación da Xunta de Galicia.”

O Pleno, por unanimidade, ACORDA:

* Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a:

- 1.- Garantir nos colexios de Cambados un número de alumnas e alumnos por aula para o curso escolar 2020/2021 inferior ao do curso pasado e en ningún caso superior a 15.
 - 2.- Proporcionar toda a información necesaria aos colexios e ás familias para afrontar o vindeiro curso escolar con plenas garantías de seguridade.
 - 3.- Facilitarlle aos colexios todos os medios precisos para que as nenas e os nenos de Cambados poidan recibir un ensino seguro e de calidade.
 - 4.- Asumir os gastos derivados das novas medidas de seguridade e limpeza nos colexios ocasionados pola existencia da pandemia da COVID-19.
- * Dar traslado deste acordo á Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

9.- Expediente 2909/2020. Proposta do B.N.G. para retirada do protocolo Covid, da Xunta de Galiza, do inicio do próximo curso escolar.-

Pola Sra. Presidenta dase conta da proposta presentada, na que se recolle o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes de xullo a Consellería de Educación da Xunta de Galiza ven de presentar un protocolo de organización para o inicio do próximo curso escolar que parte da consideración de que a educación é un gasto e non un investimento. Esa é a mensaxe que a Xunta do PP traslada á sociedade, que unha crise sanitaria non vai mudar a súa política de restricións no ámbito educativo. A proposta que fai pode elevar o risco de contaxio e sabendo que ese risco non se pode eliminar, non cabe dúbida de que contar con grupos reducidos ou contar con maior número de persoal docente e non docente suporía unha maior protección e unha menor exposición ó contaxio do Covid nas aulas. A xunta non vai reducir as ratios nin vai aumentar o profesorado e, polo tanto, non vai existir un reforzo e adaptación curricular real. A Xunta opta por calquera medida antes do aumento do orzamento necesario para unha atención de calidade desde a perspectiva educativa e sanitaria. Toma como referencia 1 m en lugar do 1'5 m proposto pola OMS, para evitar desdobrementos de aulas.

O Protocolo mostra falta de planificación e improvisación pois non se fixo un estudo previo dos centros e se xeneraliza entre centro de moi diferentes características (desde infantil, primaria, Secundaria e FP). A Consellería límitase a trazar unhas liñas xerais para logo descargar as responsabilidades no profesorado e nos centros que crecen de formación previa. Tampouco considera unha necesaria readaptación curricular con carácter xeral durante o curso escolar e só vai dirixido a un único modelo pedagóxico, a pedagogía tradicional. Ademais considera como normais, situacións que son totalmente irrealistas como pensar que un grupo de alumnado pode estar toda a mañá sen moverse do seu espazo limitado dentro da súa aula. Tampouco avalía de xeito realista a posibilidade dun brote nun centro educativo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza á retirada inmediata do actual protocolo covid para o inicio do próximo curso escolar.
2. Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a consensuar, con centros



educativos, anpas e sindicatos do ensino, un novo protocolo para o inicio do vindeiro curso escolar”.

O Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza á retirada inmediata do actual protocolo covid para o inicio do próximo curso escolar.

SEGUNDO.- Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a consensuar, con centros educativos, anpas e sindicatos do ensino, un novo protocolo para o inicio do vindeiro curso escolar”.

10.- Expediente 3859/2020. Proposta de Somos Cambados en apoio e visibilidade do colectivo das persoas trans

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Ensino, Patrimonio, Cultura, Deporte e Normalización Lingüística, emitido por unanimidade dos seus membros, no que se recolle o seguinte:

“Hoxe traemos ao pleno unha moción de concienciación. Os que se dedican profesionalmente a axudar na resolución de problemas de carácter social, saben que o inicio do seu labor sempre está na identificación do devandito problema. É imposible axudar a quen non recoñece que necesita axuda, sexa unha persoa ou un conxunto delas. Os primeiros pasos sempre son o recoñecemento e definición do conflito. A partir de aí, pódense empezar a barallar solucións.

No estado a nos Constitución no seu Título I, artigo 14 establécese que “os españois son iguais ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social” e o Artigo 9.2: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Cremos que é obrigación das persoas que exercen cargos de responsabilidade detectar os problemas que afectan o seu ámbito social e exercer un labor de concienciación, porque como sociedade, o que permanece invisible, non existe, e por tanto non se pon ningún empeño en melloralo. Visibilizar os problemas sociais é o primeiro paso na solución.

Se hai un colectivo que permanece invisible, ese é o das persoas trans. Probablemente se fixésemos unha enquisa, a proporción de nós que nin sequera coñeceu a algunha persoa tranxénero sería mínima. Exactamente igual que o colectivo homosexual ata non hai tanto tempo. Iso non significa que non estean, que non existan, significa que se ocultan, desgraciadamente por medo.

Un mes de outubro de 1991 morreu asasinada Sonia Rescalvo; foi a primeira ocasión neste país en que se documentou este tipo de delito como asasinato por motivo transfóbico. Ese foi un gran paso.

O que vimos hoxe a propoñer é que neste municipio se acorde por unanimidade da corporación a visibilidade deste colectivo uníndose á celebración dos seus dous días de conmemoración internacional. O Día Internacional da Memoria Trans (TdoR), celébrase anualmente o 20 de novembro, e é un día dedicado á memoria daquelas persoas que foron asasinadas, vítimas da transfobia, o odio e o medo ás persoas tranxénero e de xénero non convencional, así como a lembrar a violencia continua que sofre a comunidade tranxénero.

O Día Internacional da Memoria Transexual foi creado en 1998 por Gwendolyn Ann Smith, unha muller transexual, deseñadora gráfica, columnista e activista en memoria do asasinato



de Rita Hester. En resposta ao seu asasinato e ao pouco respecto que os medios de comunicación mostraron á vítima, a pena e a indignación provocaron unha vixilia o venres seguinte (4 de decembro), no que participaron unhas 250 persoas. A vixilia inspirou non só o TdoR, senón tamén o proxecto da internet "Remembering Our Dead".

Desde a súa creación, o TdoR foi celebrado anualmente o 20 de novembro, aos poucos pasou de ser un día internacional de acción. Baseado sobre todo en Estados Unidos e o Reino Unido, xa en 2010 o día celebrouse en máis de 185 cidades en máis de 20 países.

O Día Internacional da Visibilidade Transxénero é unha conmemoración anual que ten lugar o 31 de marzo, dedicada á celebración das persoas trans e a sensibilización en contra da discriminación cara a elas en todo o mundo.

Especialmente importante é a sensibilización nos centros educativos, onde ser trans é practicamente imposible. A falta de visibilidade e información sobre a transexualidade, fai que exista unha desinformación e falta de ferramentas sobre como actuar en caso de ter un menor transexual na aula. O acoso escolar transfóbico, e mesmo a súa derivación en suicidio, segue sendo alto, e faise necesario achegar desde a política ferramentas para medilo, analízalo, previlo e combatalo, achegando tamén aos docentes a formación e información necesarias para afrontar estas situacións. Neste mesmo sentido, a educación é, sen dúbida, a principal ferramenta para transmitir os valores de igualdade, sendo preciso garantir unha educación inclusiva que protexa e recoñeza a diversidade afectiva e sexual das persoas.

É por iso que, de conformidade co disposto no Regulamento Orgánico Municipal de Cambados, solicitamos á Alcaldía-Presidencia da Corporación que tramite esa moción de conformidade coa Lei, co Regulamento Orgánico Municipal e coa normativa supletoria de aplicación e solicitamos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver e/ou revisar os protocolos de actuación en centros educativos que inclúan especificacións e orientacións para garantir o respecto aos dereitos fundamentais do alumnado transexual, así como a súa plena e normal integración e inclusión escolar, incluíndo actuacións de sensibilización, asesoramento e formación dirixidos á comunidade educativa, así como os que poidan levar a cabo para prever, detectar e intervir sobre situacións de transfobia, exclusión ou acoso escolar exercidos sobre o alumnado escolar.

- Que a Corporación do Concello de Cambados acorda manter as medidas orientadas a sensibilizar a toda a poboación e manter a participación activamente no "Día Internacional da Visibilidade Transxénero" e no "Día Internacional da Memoria Trans."

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver e/ou revisar os protocolos de actuación en centros educativos que inclúan especificacións e orientacións para garantir o respecto aos dereitos fundamentais do alumnado transexual, así como a súa plena e normal integración e inclusión escolar, incluíndo actuacións de sensibilización, asesoramento e formación dirixidos á comunidade educativa, así como os que poidan levar a cabo para prever, detectar e intervir sobre situacións de transfobia, exclusión ou acoso escolar exercidos sobre o alumnado escolar.

-Que a Corporación do Concello de Cambados acorda manter as medidas orientadas a sensibilizar a toda a poboación e manter a participación activamente no "Día Internacional da Visibilidade Transxénero" e no "Día Internacional da Memoria Trans."

11.- Expediente 4245/2020. Proposta do B.N.G. sobre a reactivación da



asistencia sanitaria

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade por catro votos a favor dos grupos PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG, e Grupo Mixto Cambados Pode e dúas abstencións do grupo municipal de PP, na que se recolle o seguinte:

"Exposición de motivos:

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusións dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A COVID-19, puxo de relevo que precisamente un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centrara preferentemente na consulta telefónica, o que está ocasionando moitas dificultades ós profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria, como tamén o acceso da poboación á mesma.

Á situación de sobrecarga de traballo que padecen ós profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus, fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, os celadores ao límite, soportando unha presión tremenda, sendo imposible xestionar tanta chamada como se produce.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportable, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta da sanidade pública, e a desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación.

Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade.

É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID-19, máis tamén ao resto das patoloxías. Por todo isto o Pleno acorda:

Instar á Xunta a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID-19, máis tamén ao resto das patoloxías e rematar coas lista de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á



poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

2.- Incrementar nos centros de saúde o número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade de atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos ...

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria ata chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión de Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas".

O Sr. Caamaño Rivas fai alusión aos recortes en servizos primarios básicos e da conta dun deterioro paulatino na prestación de servizos e de déficit de persoal na sanidade pública.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) da conta da ducia de mocións presentadas sobre este particular e do deterioro da sanidade pública baixo o goberno do PP na Xunta de Galicia.

Adianta a suspensión de consultas en horario de tarde no centro de saúde de Cambados.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) da conta das queixas planteadas na concentración do centro de saúde de Cambados.

Agradece aos sanitarios de Cambados o seu traballo nesta época da Covid-19.

Fai referencia a necesariedade de crear unha Comisión de Investigación en relación á situación do centro de saúde de Cambados.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di querer apoiar esta proposta pero salienta o esforzo levado a cabo pola Xunta de Galicia, aínda recoñecendo a necesidade de adoptar medidas a este respecto.

Fai un repaso aos investimentos levados a cabo pola Xunta de Galicia en materia de sanidade na comarca; ás solicitudes dun maior número de prazas Mir ao Ministerio de Sanidade e ao incremento de prazas.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) solicita unha liña política clara e obxectiva nos datos sanitarios e incide no descenso de prazas de sanitarios.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) fai referencia a outras mobilizacións que non recibiron o apoio do Partido Popular e que foran aprobadas pola unanimidade da Corporación Municipal.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que é unha boa noticia que o Partido Popular asista a este tipo de concentracións. Solicita consenso en relación a esta cuestión e solicita a celebración de Xuntas de Portavoces para facilitar a participación de todos os grupos e sumar no mesmo obxectivo.



A Sra. Alcaldesa da conta das reunións mantidas coa Consellería de Sanidade e do seguimento das directrices que se están a transmitir a este respecto por parte da Xunta de Galicia.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que se fará o que se estime oportuno en relación a asistencia a concentracións.

Explica que a Xunta de Galicia recibiu un recorte de douscentos millóns de euros por parte do Estado.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que o Partido Popular de Cambados é corresponsable das medidas adoptadas polo Partido Popular da Xunta de Galicia.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que o incremento de fondos para a sanidade moitas veces é dirixida á sanidade privada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

Instar á Xunta a:

- 1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID-19, máis tamén ao resto das patoloxías e rematar coas lista de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.
- 2.- Incrementar nos centros de saúde o número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade de atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos ...
- 3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria ata chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.
- 4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión de Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
- 5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

12.- Expediente 4632/2020. Acordo de goberno para esixirle ao Sergas unha atención sanitaria digna no Centro de Saúde de Cambados



Dáse conta do seguinte acordo de goberno:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai uns anos, a sanidade pública galega vén padecendo un crecente deterioro da súa calidade, como consecuencia de decisións políticas adoptadas pola Xunta de Galicia, o que se traduce na redución de médicos e horarios, no aumento das listas de agarda ou na obriga de desprazarse aos grandes centros hospitalarios para acudir a unha consulta médica ou para realizar unha proba sanitaria.

A escasa cobertura de prazas por baixas, xubilacións ou vacacións nos centros de saúde galegos ten provocado unha deficiente prestación da atención primaria. Estes problemas de escaseza de recursos humanos nos centros de saúde xa foi denunciado en reiteradas ocasións desde os colexios oficiais de médicos de Galicia.

O problema non se cingue exclusivamente á falta de médicos, pois tampouco se está a substituír a todo o persoal de enfermería de atención primaria en situación de baixa ou de vacacións, sendo as enfermeiras e os enfermeiros operativos quen asumen con frecuencia os pacientes do persoal de baixa ou de vacacións durante o período que duran as mesmas. Esta carencia de recursos humanos está a afectar tamén á atención presencial e telefónica á cidadanía, que se restrinxen notablemente.

Por outra banda, en marzo de 2018, a Xunta aprobou a eliminación da Área Sanitaria do Salnés, o que na práctica converteu ao Hospital do Salnés nunha sucursal de Montecelo; polo que, desde entón, temos que desprazarnos moitas veces a Pontevedra, ou incluso a Santiago, para ser atendidos por médicos que antes nos atendían no noso hospital comarcal.

A eliminación da Área Sanitaria levou consigo tamén que os centros de saúde da comarca do Salnés (entre eles, o de Cambados) conten con menos médicos, menos persoal sanitario e menos consultas. Iso implica que apenas haxa consultas de tarde, que non se cubran as baixas ou xubilacións e que aumente o tempo de espera para unha cita de atención primaria ata máis dun mes.

Nesta época de grave crise sanitaria orixinada pola pandemia da COVID-19, un sistema sanitario público debe reforzar a atención primaria para evitar o colapso dos centros hospitalarios, e iso non se está a facer na nosa comunidade autónoma, cando a administración autonómica é a competente en materia sanitaria.

Por todo elo, instamos ao Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia a:

1. Reforzar a atención primaria no Centro de Saúde de Cambados con máis medios técnicos e humanos; incorporando máis persoal sanitario, tanto médicos coma enfermeiras e enfermeiros, para reducir o tempo de agarda por unha cita médica e mellorar a calidade da atención sanitaria.

2. Mellorar a atención administrativa á cidadanía no Centro de Saúde de Cambados, tanto presencial como telefónica, necesaria nesta época da COVID-19.

3. Abrir de maneira permanente, durante todo o ano, as consultas de tarde no Centro de Saúde de Cambados.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

1. Reforzar a atención primaria no Centro de Saúde de Cambados con máis medios técnicos e humanos; incorporando máis persoal sanitario, tanto médicos coma enfermeiras e enfermeiros, para reducir o tempo de agarda por unha cita médica e mellorar a calidade da atención sanitaria.

2. Mellorar a atención administrativa á cidadanía no Centro de Saúde de Cambados,



tanto presencial como telefónica, necesaria nesta época da COVID-19.

3. Abrir de maneira permanente, durante todo o ano, as consultas de tarde no Centro de Saúde de Cambados.

13.- Expediente 4552/2020. Proposta do PP con motivo do 25 de Novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Muller, Igualdade, e Réxime Interior, por unanimidade dos seus membros, no que se recolle o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade e un grave atentado contra os dereitos humanos. Trátase dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo mero feito de selo e por ser consideradas polos agresores como carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión. Os poderes públicos nin deben nin poden ser alleos a este problema e así, no ámbito estatal, aprobouse a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no ámbito autónómico, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

Entre os ámbitos sobre os que se proxecta a transversalidade da igualdade e da prevención e loita contra a violencia de xénero atópase o relativo á formación do persoal empregado público.

Claro exemplo foi a aprobación do Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A integración da igualdade de oportunidades na totalidade de actuacións das administracións públicas depende, en gran medida, da formación das persoas que traballan nelas. Considérase necesario e imprescindible promover que todo o persoal posúa formación no ámbito da prevención e a loita contra a violencia de xénero.

Esta formación debe abranguer a todos os axentes dos diferentes ámbitos: persoal das administracións públicas, forzas e corpos de seguridade, persoal educativo, sanitario, do terceiro sector ou profesionais do ámbito xurídico.

O deseño de accións formativas pasa de xeito imprescindible por coñecer polo miúdo a



lexislación específica en materia de violencia de xénero, pero non pode limitarse a iso. A formación debe orientarse tamén a ofrecer unha atención axeitada, a recoñecer sinais para a detección de casos, a informar sobre os recursos existentes ou a coñecer e aplicar axeitadamente as pautas e protocolos de derivación e/ou intervención.

Así, as entidades locais son para moitas mulleres o primeiro paso para saír do espazo da violencia e de aí a importancia de que o persoal da administración local adquira unha formación continua (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais).

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular do Concello de Cambados,

Insta ao Goberno do Estado a:

Desenvolver as medidas de actuación do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, concretamente as que se recollen no seu Eixo 5 que fai referencia ao impulso da formación dos distintos axentes para garantir a mellor resposta asistencial, xa que para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a mellor asistencia posible é necesario que se amplíe a formación especializada de todos os/as profesionais que interveñen na prevención, protección e axuda psicosocial ás vítimas.

Instar ao Goberno Galego a:

Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero.

Instar ao Goberno de Cambados a:

Desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a todo o persoal da administración local (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais) así como a todas as persoas integrantes da corporación municipal.”

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) fai referencia ao Texto Refundido de medidas legais nesta materia 2/2015, en relación á formación do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que si apoiarán esta moción.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que votarán a favor.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que moitas das medidas que se plantean xa se estaban a executar e congratúlase que o Partido Popular se sume a violencia contra a violencia de xénero apoiando dúas Leis de gobernos socialistas. Lembra que o grupo do PP veu considerar este tipo de mocións como de “recheo”.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) nega que cualifícase este tipo de mocións como de recheo.

Defende que desde o Partido Popular sempre se apoiou este tipo de mocións e fai un repaso ás medidas adoptadas polo Partido Popular nos seus sucesivos gobernos. Critica que se rompa a cordialidade neste punto e lembra que o Cim de Cambados foi dos primeiros de Galicia.

A Sra. Alcadesa di que a Concellería de Igualdade non tiña presuposto e que o



primeiro Plan de Igualdade do Concello de Cambados foi aprobado polo goberno actual.

Da un repaso ás medidas adoptadas baixo o goberno que ela preside e di que baixo o goberno do Partido Popular en Cambados non se fixo nada en favor da muller.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) insiste en defender ás medidas e políticas en favor da muller baixo o goberno do PP en Cambados e acusa de desinformación ao goberno municipal.

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade,

ACORDA:

* Instar ao Goberno do Estado a:

Desenvolver as medidas de actuación do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, concretamente as que se recollen no seu Eixo 5 que fai referencia ao impulso da formación dos distintos axentes para garantir a mellor resposta asistencial, xa que para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a mellor asistencia posible é necesario que se amplíe a formación especializada de todos os/as profesionais que interveñen na prevención, protección e axuda psicosocial ás vítimas.

* Instar ao Goberno Galego a:

Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero.

* Instar ao Goberno de Cambados a:

Desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a todo o persoal da administración local (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais) así como a todas as persoas integrantes da corporación municipal.

Chegada a medianoite a Sra. Alcadesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F. constando na convocatoria os puntos da orde do día da actividade de control dos que se da conta:

Dación en conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía (Do 21/09/2020 ata o 22/11/2020)



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

